


# ESQUEMA DO SISTEMA EDUCATIVO SEGUNDO A LOMCE



## Organización do 4º curso da ESO

- A LOMCE divide a ESO en dous ciclos. O primeiro ciclo comprende os cursos de 1º, 2º e 3º; o segundo ciclo so o 4º curso.
- En 4º os alumnos poderán optar por unha das dúas seguintes opcións: a) Opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao Bacharelato  
b) Opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á Formación Profesional.
- O alumnado pode matricularse dunha ou outra opción independentemente da opción cursada en 3º da ESO
- As materias que se cursan en 4º da ESO divídense en troncais, específicas e de libre configuración autonómica.
- As materias troncais poden ser de tipo xeral, obrigatorias para todos os alumnos, ou troncais de opción, debendo o alumnado cursar todas as materias troncais xerais e dúas materias troncais de opción.
- Entre as materias específicas o alumnado debe cursar de forma obrigatoria a Educación Física e Relixión ou Valores Éticos. Ademais cursarán dúas materias específicas de opción de entre as que oferta o centro.
- No bloque de materias de libre configuración o alumnado debe cursar de forma obrigatoria a materia de Lingua Galega e Literatura

Na seguintes páxinas podedes ver os itinerarios que se poden escoller en 4º de ESO no noso instituto, unha breve información da organización da Formación Profesional Básica e as titulacións ás que da lugar, a organización do currículo de bacharelato e os camiños aos que podedes acceder despois de terminalo e tamén os itinerarios de bacharelato que se ofertan no noso IES. Pero antes, imos darvos algúns consellos acerca das reflexións que deberíades facer antes de escoller o itinerario e optativas de 4º da ESO

1. A elección do itinerario de Ensinanzas Académicas permite acceder aos estudos de Bacharelato e, despois de eles, á Formación Profesional de Grao Superior ou ás Ensinanzas Universitarias. O itinerario de Ensinanzas Aplicadas permite o acceso á Formación Profesional de grao Medio, a partir de ela podería estudarse a de grao Superior e, unha vez finalizada, Estudos Universitarios
2. As optativas que se escollen en 4º de ensinanzas académicas condicionan a modalidade de bacharelato e, polo tanto, os posibles estudos superiores do alumnado.
3. Antes de elixir é necesario que reflexionedes sobre ás áreas que máis vos interesan, aínda que de momento non teñades claro o grao universitario ou ciclo formativo de grao superior que queredes cursar. Tanto uns coma outros están asociados ás modalidades de bacharelato e, polo tanto, se non se cursa a modalidade adecuada será case imposible entrar no grao universitario ou ciclo formativo desexado.
4. *O BACH. DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA É NECESARIO PARA ACCEDER A CARREIRAS COMO MEDICINA, INXENIERÍAS, INFORMÁTICA, QUÍMICA, BIOLOXÍA, VETERINARIA, ARQUITECTURA, FÍSICA, MATEMÁTICAS, ENFERMERÍA, FISIOTERAPIA, ETC. E PARA OS CICLOS SUPERIORESQUE TEÑAN QUE VER COA SAÚDE, COA INDUSTRIA QUÍMICA OU FARMACEÚTICA, IMAXE E SONIDO, ACTIVIDADES MARÍTIMO PESQUEIRAS, , INDUSTRIAS ALIMENTARIAS, ETC.*

O BACH. DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS É NECESARIO PARA ACCEDER A CARREIRAS COMO DEREITO, HISTORIA, FILOLOXÍAS, PERIODISMO, ETC. E PARA CICLOS SUPERIORES RELACIONADOS COA ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN, COMERCIO E MARQUETING, HOSTELERÍA E TURISMO. ALGÚNS GRADOS UNIVERSITARIOS PODEN FACERSE A PARTIR DAS DÚAS MODALIDADES DE BACHARELATO. TAL É O CASO DE MAXISTERIO, INEF, ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS, ETC.

## ITINERARIOS de 4º DA ESO OFERTADOS NO IES PUGA RAMÓN

4º ESO					
TRONCAIS OBRIGATORIAS: <i>Xeografía e Historia, L. Castelá, 1ª Lingua Estranxeira.</i> LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA: <i>L. Galega</i>					
MODALIDADE	Ensinanzas Académicas (para a iniciación ao Bacharelato)		Ensinanzas Aplicadas (para a iniciación á Formación Profesional)		
<b>Troncal obrigatoria</b>	Matemáticas Académicas		Matemáticas Aplicadas		
<b>TRONCAIS DE OPCIÓN (Elixir unha opción)</b>	<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía Física e Química	<input type="checkbox"/> Economía Latín	<input type="checkbox"/> -Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial -Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional	<input type="checkbox"/> -Tecnoloxía -Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	<input type="checkbox"/> -Tecnoloxía -Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional
<b>ESPECÍFICAS Obrigatorias</b>	Relixión <input type="checkbox"/> / Valores Éticos <input type="checkbox"/> Educación Física		Relixión <input type="checkbox"/> / Valores Éticos <input type="checkbox"/> Educación Física		
<b>ESPECÍFICAS OPTATIVAS (Elixir dúas) Marcalas todas por orde de preferencia</b>	Cultura Científica <input type="checkbox"/> Cultura Clásica <input type="checkbox"/> EPV <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2ª L. Estranxeira <input type="checkbox"/> Tecnoloxías da Información e a Comunicación <input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/>		Cultura Científica <input type="checkbox"/> Cultura Clásica <input type="checkbox"/> EPV <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2ª L. Estranxeira <input type="checkbox"/> Tecnoloxías da Información e a Comunicación <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/>		

## **Criterios de Promoción na ESO**

- O alumnado obterá a promoción de curso no caso de superar todas as materias cursadas ou se ten avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:
  - a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
  - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
  - c) Que se lle apliquen ao alumno as medidas de atención educativa propostas no consello orientador
- Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que pode seguir con éxito o curso seguinte, que teña expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador
- A efectos de promoción as materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria considéranse como materias distintas

## **Avaliación final da secundaria obrigatoria**

- Ao finalizar o 4º curso o alumnado realizará unha proba individualizada pola opción de ensinanzas aplicadas ou pola de ensinanzas académicas.
- Deberá examinarse de todas as materias troncais xerais cursadas en 4º curso; Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas ou ás aplicadas(segundo a opción pola que se examinen), Lingua Galega e Literatura, dúas materias de opción cursadas no grupo de materias troncais do 4º curso, unha materia específica cursada en calquera dos cursos da ESO que non sexa Educación Física, Relixión nin Valores Éticos
- Poderán presentarse a esta avaliación todos os alumnos que obtivesen ben avaliación positiva en todas as materias da ESO ou ben negativa nun máximo de dúas, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.
- A proba considérase superada cando se obtén unha cualificación igual ou superior a 5 sobre dez

## Orientación 3º ESO

- O alumnado poderá realizar a avaliación por calquera das dúas opcións de ensinanzas aplicadas ou académicas independentemente da opción na que estivesen matriculados en 4º da ESO, sempre que as dúas materias de opción que escollan se correspondan coa opción pola que queren matricularse e fagan o exame de matemáticas desa mesma opción. Tamén poderá se o desexa examinarse polas dúas opcións
- Os alumnos que non superen a avaliación final da ESO ou os que desexen mellorar a súa cualificación poderán repetir a avaliación final en sucesivas convocatorias

## Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

- Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria (GESO) cumprirá a superación da avaliación final, así como ter unha cualificación desta etapa igual ou superior a 5 puntos.
- A Cualificación final da ESO obtense cun peso do 70% da media das cualificacións obtidas en todas as materias cursadas na ESO máis un 30% da nota da cualificación da avaliación final de secundaria
- No título debe constar a opción ou as opcións polas que se realizou a avaliación final así como a cualificación final da secundaria obrigatoria. O título pola opción de ensinanzas académicas da acceso ás ensinanzas post-obrigatorias de Bacharelato. O título polas ensinanzas aplicadas da acceso ás ensinanzas de Formación Profesional de Grao Medio

## A Formación Profesional

A formación profesional divídese en básica, media e superior. Existen 26 familias profesionais cada unha das cales se divide en diferentes ciclos formativos. Na actualidade existen máis de 122 ciclos formativos distintos

### **BASICA**

**Acceso:** Para poder acceder a estes estudos o alumnado deberá cumprir todos os requisitos seguintes:

1. Contar cun Consello Orientador do equipo docente que valore esta opción como a máis adecuada.

Orientación 3º ESO

2. Ter quince anos, ou cumprilos durante o ano natural en que se inicia a FPB e non superar os dezasete anos de idade no momento do acceso, ou durante o ano natural
3. Realizar o primeiro ciclo de ESO (cursos primeiro, segundo e terceiro) ou, excepcionalmente, cursar o segundo curso da ESO.
4. Ter o permiso dos seus pais ou titores legais

## Titulación

Ao finalizar a formación obtense o Título Profesional Básico que dá acceso directo aos ciclos formativos de grao medio e ten, a efectos laborais, a mesma consideración que o título de graduado en ESO para o acceso a empregos públicos ou privados.

-Se o alumnado ao finalizar a FPB quere obter o título de graduado en ESO tería que superar a reválida de 4º por un dos seus dous itinerarios: o académico ou o aplicado.

## FP GRAO MEDIO

**Acceso:** Para poder acceder a estes estudos o alumnado deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Ter o título de graduado en ESO (GESO) unha vez superada a proba de avaliación final pola opción de ensinos aplicados.
- Cun Título Profesional Básico
- Mediante un curso de acceso ou unha proba de acceso que só poderá realizarse a partir dos 17 anos ou se estes se cumpren nese ano natural de celebración da proba ou curso.

## Titulación:

Ao finalizar a formación obtense o Título de Técnico que dá acceso directo aos ciclos formativos de grao superior.

- Para obter o título de Bacharelato habería que superar a avaliación final de bacharelato, pola modalidade que se escolla.

## FP GRAO SUPERIOR

**Acceso:** Para poder acceder a estes estudos o alumnado deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Ter o título de Bacharelato ou un certificado de superar todas as materias de 1º e 2º aínda que non se superou a proba
- Ter un Título de Técnico
- Mediante unha proba de acceso que só poderá realizarse a partir dos 19 anos ou se estes se cumpren nese ano natural de celebración da proba ou curso.

### Titulación:

Ao finalizar a formación obtense o Título de Técnico superior, certificado homologable no mercado Europeo de traballo e que permitirá, previa superación dun proceso de admisión, o acceso aos estudos universitarios de grao. Ese proceso de admisión non se atopa aínda regulado.

### Organización

Os estudos de formación profesional básica, media e superior teñen unha duración de dous cursos académicos que se corresponden aproximadamente cunhas 2000 horas totais, aínda que poden variar en función dos ciclos.

A formación é teórico-Práctica e ten un período obrigatorio de formación en centros de traballo. Este período varía tamén duns ciclos a outros e tamén é diferente nas diferentes etapas da Formación Profesional. Na FPB é aproximadamente de 6 semanas, na media e superior varía entre 3 e 6 meses dependendo dos ciclos.

## O BACHARELATO

- O bacharelato comprende 2 cursos académicos e ten como finalidade a preparación dos alumnos para cursar estudos universitarios ou ciclos superiores de FP.
- Organízase en modalidades que condicionan a carreira universitaria e/ou o ciclo formativo que os alumnos poden escoller.

## Orientación 3º ESO

- Hai tres modalidades de bacharelato: Ciencias, Humanidades e ciencias sociais e Artes. Dentro da modalidade de Humanidades e ciencias sociais, poderase optar polo itinerario de Humanidades ou polo de Ciencias sociais
- As modalidades que hai neste centro son: Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.
- As materias que se estudan en bacharelato organízanse en tres tipos: troncais, específicas e de libre configuración. Á súa vez, as materias troncais poden ser xerais, obrigatorias para todos os alumnos, ou troncais de opción, estas xunto á modalidade elixida son as que condicionan o grao universitario ou ciclo que o alumnado poderá elixir posteriormente.
- En cada curso deben elixirse 3 materias troncais e entre 2 ou 3 específicas de entre as ofertadas polo centro.
- As materias de 2º que levan un II na súa denominación son continuación das de primeiro e por tanto esixen cursar estas para poder superalas. O mesmo ocorre con Física ou Química de 2º que esixe física e química de 1º e con Bioloxía ou Xeoloxía de 2º que esixen ter cursado bioloxía e xeoloxía de 1º.
- Os graos universitarios están asociados ás modalidades de Bacharelato e, polo tanto, se non se cursa a modalidade adecuada será moi difícil entrar no grao desexado. Algúns ciclos superiores de F.P. teñen unha modalidade de bacharelato coa que se ten preferencia de acceso, polo tanto é difícil entrar se non se opta por esa modalidade; algúns esixen tamén ter cursadas determinadas materias.
- *O BACH. DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA É NECESARIO PARA ACCEDER A CARREIRAS COMO MEDICINA, INXENIERÍAS, INFORMÁTICA, QUÍMICA, BIOLOXÍA, VETERINARIA, ARQUITECTURA, FÍSICA, MATEMÁTICAS, ENFERMERÍA, FISIOTERAPIA, ETC. E PARA OS CICLOS SUPERIORESQUE TEÑAN QUE VER COA SAÚDE, COA INDUSTRIA QUÍMICA OU FARMACEÚTICA, IMAXE E SONIDO, ACTIVIDADES MARÍTIMO PESQUEIRAS, , INDUSTRIAS ALIMENTARIAS, ETC.*
- *O BACH. DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS É NECESARIO PARA ACCEDER A CARREIRAS COMO DEREITO, HISTORIA, FILOLOXÍAS, PERIODISMO, ETC. E PARA CICLOS SUPERIORES RELACIONADOS COA ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN, COMERCIO E MARQUETING, HOSTELERÍA E TURISMO.*
- *ALGÚNS GRADOS UNIVERSITARIOS PODEN FACERSE A PARTIR DAS DÚAS MODALIDADES DE BACHARELATO. TAL É O CASO DE MAXISTERIO, INEF, ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS, ETC.*

### **Título de Bacharelato**

- Ademais de superar todas as materias correspondentes aos 2 cursos de bacharelato os alumnos, para obter o título, deberán superar unha proba de avaliación externa que, en principio, será a mesma para todo o estado español
- Nesta avaliación o alumno deberá examinarse de

a) Todas as materias xerais cursadas no grupo de troncais no bacharelato. No caso de materias que impliquen continuidade terase en conta só a cursada en 2º.



b) Dúas materias de opción cursadas no bloque de materias troncais en calquera dos cursos. As materias que impliquen continuidade só contarán como unha materia e só terase en conta a cursada en 2º.

c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos dous cursos que non sexa Educación Física nin Relixión.

d) Lingua Galega

- Debe obterse un mínimo dun 5 para que a nota desta avaliación final sexa positiva.
- A cualificación final da etapa de bacharelato será ponderación dun 60% da nota de todas as materias cursadas en bacharelato e un 40% da nota obtida na avaliación final de bacharelato.

## ITINERARIOS DE BACHARELATO NO IES RAFAEL PUGA RAMÓN

1º BACHARELATO				
MATERIAS OBRIGATORIAS: <i>Filosofía , L. Castelá e Literatura I, L.Galega e Literatura I, L. Estranxeira I, Educación Física</i>				
MODALIDADE		CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
			HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS
TRONCAIS DE OPCIÓN	OBRIGATORIAS	Matemáticas I Física e Química	Hª Mundo Contemporáneo Latín I	Hª Mundo Contemporáneo Matem. Aplicadas I
	OPTATIVAS: Elixir unha	Debuxo Técnico I <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/>	Grego I <input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/>	Economía <input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/>
<b>ESPECÍFICAS:</b> Escoller un mínimo de dúas e un máximo de tres. Marcalas todas por orde de preferencia.  Hai que acadar 6 horas lectivas entre as específicas e as de libre configuración.		Debuxo Técnico I (4 horas) <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial I (3 horas) <input type="checkbox"/> Anatomía Aplicada (3 horas) <input type="checkbox"/> Francés I (2 horas) <input type="checkbox"/> Cultura Científica (2 horas) <input type="checkbox"/> TIC I (2 horas) <input type="checkbox"/> Relixión (1 hora) <input type="checkbox"/>	Latín I (troncal) <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I (4 horas) <input type="checkbox"/> Francés I (2 horas) <input type="checkbox"/> Cultura Científica (2 horas) <input type="checkbox"/> TIC I (2 horas) <input type="checkbox"/> Relixión (1 hora) <input type="checkbox"/>	
<b>LIBRE CONFIGURACIÓN</b> (autonómicas e do centro) Marcar como máximo unha se non se acadaron as 6 horas lectivas coas escollidas na fila anterior.		Antropoloxía (2 horas) <input type="checkbox"/> Técnicas de Comunicación Oral e Escrita (2 horas) <input type="checkbox"/> Técnicas de Comunicación Oral e Escrita (1 hora) <input type="checkbox"/>	Antropoloxía (2 horas) <input type="checkbox"/> Técnicas de Comunicación Oral e Escrita (2 horas) <input type="checkbox"/> Técnicas de Comunicación Oral e Escrita (1 hora) <input type="checkbox"/>	

2º BACHARELATO					
MATERIAS OBRIGATORIAS: <i>L. Castelá e Literatura II, L. Galega e Literatura II, L. Estranxeira II, Historia de España</i>					
MODALIDADE		CIENCIAS		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
		SAÚDE	TECNOLÓXICO	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS
TRONCAIS DE OPCIÓN	OBRIGATORIAS	Matemáticas II	Matemáticas II	Latín II	Matem. Aplicadas II
	OPTATIVAS: Elixir dúas	Bioloxía <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/>	Física <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II <input type="checkbox"/> Xeoloxía <input type="checkbox"/>	Xeografía <input type="checkbox"/> Hª Filosofía <input type="checkbox"/> Economía Empresa <input type="checkbox"/> Hª Arte <input type="checkbox"/>	
<b>ESPECÍFICAS:</b> Escoller un mínimo de dúas e un máximo de tres. <i>Marcalas todas por orde de preferencia. Hai que acadar 8 horas lectivas entre as específicas e as de libre configuración.</i>		Bioloxía (4 h) <input type="checkbox"/> Economía Empresa(4h.) <input type="checkbox"/> Ciencias Terra e Medio Ambiente(3h) Psicoloxía (3h) Francés II (3 horas) <input type="checkbox"/> TIC II (3 horas) <input type="checkbox"/> Relixión (1 hora) <input type="checkbox"/>		Matem Aplic II (4 h) <input type="checkbox"/> Latín II (4h) <input type="checkbox"/> Fundamentos de Administración e Xestión(3h) <input type="checkbox"/> Psicoloxía (3h) Francés II (3 horas) <input type="checkbox"/> TIC II (3 horas) <input type="checkbox"/> Relixión (1 hora) <input type="checkbox"/>	
<b>LIBRE CONFIGURACIÓN</b> (autónomas e do centro) Marcar as necesarias para acadar 8 horas lectivas coas específicas escollidas na fila anterior.		Métodos Estadísticos (2 horas) <input type="checkbox"/> Reforzo Matemáticas 1 h <input type="checkbox"/> Reforzo Lingua Castelá 1h <input type="checkbox"/> Reforzo Lingua Galega 1 h <input type="checkbox"/> Os reforzos poderán impartirse dependendo da dispoñibilidade do profesorado		Métodos estadísticos (2 horas) <input type="checkbox"/> Ética e Filosofía do Dereito (2 h) <input type="checkbox"/> Reforzo Latín 1h <input type="checkbox"/> Reforzo Matemáticas Aplicadas 1 h <input type="checkbox"/> Reforzo Lingua Castelá 1h <input type="checkbox"/> Reforzo Lingua Galega 1 h <input type="checkbox"/> Os reforzos poderán impartirse dependendo da dispoñibilidade do profesorado	

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN BACHARELATO**

### **1º DE BACHARELATO**

- O ALUMNO QUE TRAS A CONVOCATORIA DE SETEMBRO SUSPENDA UNHA OU DÚAS MATERIAS, PROMOCIONARÁ CON ELAS PENDENTES, DEBENDO EXAMINARSE NO CURSO SEGUINTE.
- O ALUMNADO QUE EN SETEMBRO TEÑA MÁIS DE DÚAS MATERIAS PENDENTES REPETIRÁ O CURSO NA SÚA TOTALIDADE.

### **2º DE BACHARELATO**

- OS ALUMNOS QUE, UNHA VEZ REMATADA A CONVOCATORIA DE SETEMBRO, SUSPENDAN ALGUNHA/S MATERIA/S PODERÁN OPTAR POR: MATRICULARSE DE ELA/S SEN TER QUE CURSAR AS MATERIAS XA SUPERADAS OU MATRICULARSE DO CURSO COMPLETO. NESTE CASO, NAS MATERIAS APROBADAS CONTABILIZARÁSELLE A MAIOR DAS DÚAS NOTAS ACADADAS
- PARA OBTER O TÍTULO DE BACHARELATO DEBEN TERSE APROBADAS TODAS AS MATERIAS DE BACHARELATO E ADEMAIS SUPERAR A PROBA DE AVALIACIÓN FINAL
- A NOTA DO EXPEDIENTE SERÁ A MEDIA DE TODAS AS MATERIAS CURSADAS NOS DOUS ANOS DO BACHARELATO.
- A CUALIFICACIÓN FINAL SERÁ A MEDIA PONDERADA DO 40% DA AVALIACIÓN FINAL MÁIS O 60% DA NOTA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.
- NON SE SABE AÍNDA SI AS UNIVERSIDADES FARÁN ADEMAIS ALGUNHA PROBA PROPIA PARA O ACCESO ÁS MESMAS

## **NORMAS DE ORGANIZACIÓN DA MATRÍCULA**

- **POR RAZÓN ORGANIZATIVAS TEDES QUE CUBRIR ANTES DO 27 DE MAIO, E ENTREGAR AOS TITORES, A VOSA PREINSCRIPCIÓN CARA AO CURSO QUE VEN. ESTA PREINSCRIPCIÓN DEBEDES DE CUBRILA NO ORDENADOR DENDE A PÁXINA WEB DO CENTRO, IMPRIMILA UNHA VEZ CUBERTA XUNTO CO PERMISO OU DENEGACIÓN DOS VOSOS PAIS DO SXD E DA UTILIZACIÓN DAS FOTOS QUE SE FAN NAS ACTIVIDADES**
- **A DEVANDITA PREINSCRIPCIÓN SERÁ CONSIDERADA MATRÍCULA FIRME SE EN XUÑO OU SETEMBRE ACADADES A PROMOCIÓN DE CURSO. SO OS AUMNOS QUE DESPOIS DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO TEÑAN QUE REPETIR CURSO TERÁN QUE CUBRIR UN NOVO IMPRESO E MATRÍCULA.**
- **O ITINERARIO DE 4º QUE ESCOLLEDES INTENTARASE RESPECTAR, AGÁS NO CASO DE QUE NON SE FORMASE GRUPO POLO BAIXO NÚMERO DE ALUMNOS QUE O ESCOLLEN.**
- **SEN EMBARGO, POLA ORGANIZACIÓN DOS GRUPOS, NON SEMPRE É POSIBLE RESPECTAR AS OPTATIVAS . POR ISTO É IMPRESCINDIBLE QUE, DENTRO DO VOSO ITINERARIO, MARQUEDES TODAS AS OPTAIVAS POÑENDO UN NÚMERO QUE INDIQUE AS VOSAS PREFERENCIAS.**
- **ENTÉNDESE QUE O NÚMERO 1 MARCA A OPTATIVA DE MAIOR PREFERENCIA E ASÍ SUCESIVAMENTE.**
- **NO PRAZO QUE VOS INDICARÁN OS TITORES E QUE FIGURARÁN NOS TABOLEIROS DE ANUNCIOS, DEBEDES PASAR POR SECRETARÍA PARA CUMPRIMENTAR OS RESTANTES DOCUMENTOS DE MATRÍCULA E PAGAR, SE É O CASO, O SEGURO ESCOLAR. NESTE MOMENTO OS ALUMNOS QUE REPITAN CURSO DEBERÁN CUBRIR ADEMÁIS UN NOVO IMPRESO DE MATRÍCULA**
- **ESTADE ATENTOS POIS O FEITO DE NON PASAR POR SECRETATRÍA DENTRO DESES PRAZOS SIGNIFICA QUE O ALUMNO RENUNCIA Á PRAZA NO INSTITUTO AINDA QUE FIXERA PREVIAMENTE A PREINSCRIPCIÓN.**